

PLAN DIXITAL

C.E.I.P. JOAQUINA GALLEGO
JORRETO

[xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

-NOME: CEIP JOAQUINA GALLEGO JORRETO.

-CÓDIGO CENTRO: 32015189.

-TELÉFONO e FAX: 988 26 00 52.

-CÓDIGO ZONA: 320389.

-RÚA : ESTRADA DE CELANOVA, No 1.

-CONCELLO: A MERCA.

-CÓDIGO POSTAL: 32830.

-PROVINCIA: OURENSE.

- MAIL: ceip.joaquina.gallego@edu.xunta.es

- DIRECCIÓN WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjoaquinagallegojorreto/>

- ETAPAS EDUCATIVAS: infantil e primaria.

- Nº ALUMNADO: 67 alumnos e alumnas.

- Nº PROFESORADO: 9 mestres/as (contando una mestra substituta) e 1 orientadora compartida.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do

Centro

O C.E.I.P. Joaquina Gallego Jorreto encóntrase nun ámbito rural situado a uns 20Km. da cidade de Ourense, compartindo características do ámbito rural galego, así como beneficios da súa proximidade ao núcleo de poboación urbano da cidade, que aglutina a maioría dos servizos e recursos.

O Centro Educativo conta con arraigamento na zona levando varias décadas como centro de referencia. A procedencia do alumnado é de familias de clase media sen grandes problemas económicos que viven en pobos adxacentes ao Centro Educativo en busca dunha maior calidade de vida que a que oferta vivir na área urbana.

A poboación dedícase maioritariamente á agricultura e gandería. Hai sectores industriais coma : cerámica, serradoiros de madeira, serradoiros de pedra, talleres de metalurxia, carpinterías, industrias cárnicas, granxas : porcinas, avícolas, ovinas., etc.

A procedencia familiar do alumnado é rural, e de familias de tres ou catro membros. Os pais destes nenos posúen, en xeral, estudos elementais ou medios. A calidade de vida do alumnado é moi satisfactoria.

A escolarización iníciase no Centro ós tres anos. O alumnado pertence ós Concellos de : A Merca (Corredoira, Entrambosríos, Forxás das Viñas, A Manchica,A Mezquita, As Marianas, A Medorra, A Merca, Olás, Parderrubias, Pereira de Montes,As Pías, Rubillós, Salpurido, Solveira, Vilachá e Vilar); Cartelle (Augalevada, Espiñoso e Muntian); Taboadela (Barrio, A Telleira).

O centro conta con 2 unidades de Infantil e 3 de Primaria, deste xeito quedan agrupados os cursos de primaria por ciclos educativos.

Entre as instalacións do centro consta unha biblioteca, un aula de informática, de educación artística, de audición e linguaxe, de madrugadores/as, comedor escolar que fai a súa vez de aula de usos múltiples, sala de profesores/as e un ximnasio, respectando así as exixencias do Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros.

Durante anos o centro levou a cabo a introdución das tic a través da asistencia de cada grupo a aula de informática unha hora a semana, ata que coa chegada da pandemia se interrompeu esta iniciativa.

Relacións con outros Plans e proxectos do centro:

- Plan de Dinamización da lingua galega.

Incluíndo entre as ferramentas para a dinamización do galego nas aulas softwares de ámbito lúdico que motiven e enganchen ao alumnado coa lingua da súa cultura.

- Plan lector.

Ademais da versión tradición de promoción do plan lector, a través do emprego de libros de lectura da biblioteca escolar para os trinta minutos de lectura diario; o profesorado tamén

emprega lectura de acceso online que se proxectan nas aulas e incluso o emprego de vídeos con letras de cancións. Esta última proposta resultou ser de gran interese e motivación para un dos grupos de primaria.

- Plan TIC.

Con este Plan Dixital, queremos entre outras medidas, recuperar no centro o “Proxecto Didáctico de Iniciación á Informática e Incorporación das novas Tecnoloxías no Proceso Educativo” iniciado no curso 2001/2002, co alumnado de Ed. Infantil e Primaria, intentarase dar resposta ó Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación que ten como Marco legislativo a Lei Orgánica 2/2006, de Educación, de 3 de maio; e que está integrado dentro do Plan TIC.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O equipo directivo do centro promoverá o uso das TIC na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo tarefas de ensinanza e aprendizaxe (*art. 11 bis, art. 121 e art. 132 da LO 2/2003, de 3 de maio de Educación.*

Tal e como se insta na disposición adicional quinta da *Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 o centro elaborou durante o curso o presente plan dixital.*

Para levar a cabo este Plan Dixital tívose en conta a *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, a cal continúa vixente no presente curso escolar.*

1.4. Proceso de elaboración

1. Reunión: 18/11/2021. Informar sobre o PD. Constituír Equipo Dinamización PD. Informar sobre a normativa aplicable.
2. Reunión: 22/11/2021. Constitución do Equipo de Dinamización do PD
3. Sesión individual: 23/11/2021. Informar sobre Test SELFIE

4. Sesión individual 14/12/2021. Entrega SELFIE" Toma de decisión sobre como proceder
5. Docencia. 21/03/2022. Videoconferencia: Reunión deseño, elaboración e implantación do PD
6. Reunión. 06/04/2022. Análisis DAFO
7. Docencia. 21/04/2022. Videoconferencia: Reunión deseño e elaboración do plan de acción.
8. Reunión. 12/05/2022. Acordar os obxectivos a traballar.
9. Reunión. 19/05/2022. Acordar as actividades a desenvolver para a consecución dos obxectivos.
10. Reunión 26/05/2022. Redacción PD

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura dixital:**

A conectividade do centro é boa. Consta con dúas liñas sen fíos que ao longo do presente curso apenas deu problemas, si ben é certo que por norma xeral o profesorado conéctase a unha liña e o alumnado a outra (rede abalar) e en total non supoñen nin unha quinta parte do persoal docente ediscente do centro.

- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos:**

AULA DIXITALIZADA:

- Doce ordenadores doados por Indra para o alumnado.
- Ordenador do mestre/a.
- Impresora.
- Pizarra dixital interactiva.
- Proxector.
- Altofalante.

En anos anteriores esta aula empregábase a miúdo xa que existía unha iniciativa no centro pola que se facía unha introdución ao alumnado nas tic de unha hora a semana por grupo. Co Covid, isto deixouse de realizar e o presente plan dixital pretende recuperar a introdución das tic, xa que o alumnado en xeral mostra un baixo rendemento na competencia dixital, a excepción do alumnado de maior idade que conta con e-dixal.

PROXECTO E-DIXGAL:

- 18 ordenadores Thinkpad.
- Un armario cargador.
- Cinco ordenadores para mestres/as.

A través deste proxecto o alumnado está en contacto coas tic a diario, non so co emprego de ordenadores portátiles convertibles, se non a través do uso de diferentes softwares, investigación na rede, xogos pedagóxicos online...

EQUIPOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN:

- Un ordenador en dirección.
- Un ordenador en secretaría.
- Un ordenador na biblioteca.
- Un ordenador na sala de mestres/as.

Os máis empregados son os ordenadores de dirección e secretaría, así como o da biblioteca, aínda que para uso exclusivo das reservas dos libros de lectura.

POR AULA:

- Un ordenador.
- Proxector.
- Pizarra dixital interactiva, a excepción dunha aula de E.I.
- Altoparlantes.

Uso escaso e exclusivo por parte dos Mestres para búsqueda de algún material ou exposición de vídeos e imaxes de maneira puntual.

- **Servicios dixitais educativos:**

- Páxina web do centro
- Aula virtual
- E-dixgal
- Abalarmóbil

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**

O único servizo con mantemento é o de e-dixgal.

- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC**

- Plan de continxencia

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

2.3. Media do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa (curso 2021/2022):

Areas	Grupos	Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.5
	Profesorado	2.7
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	2.5
	Alumnado	3.2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.2
	Alumnado	4.1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.1
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	4.1
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3.6
	Alumnado	3.4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	2.8
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	2.9
	Alumnado	2.8

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	6	100%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
58,2	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	<u>60</u>	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	<u>57,3</u>	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	
A2	5	55,6%
B1	4	44,4%
B2	0	
C1	0	
C2	0	
TOTAL	9	100%

2.4. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Acceso a internet. 2. Infraestructura. 3. Dispositivos digitales para la enseñanza. 4. Resolución de incidencias técnicas. 5. Características das plataformas e aplicativos online utilizados. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Traer el propio dispositivo. 2. Tecnologías asistenciales. 3. Asistencia técnica. 4. Protección de datos. 5. Características do software instalado nos equipos.
	PERSONAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recursos educativos en liña. 2. Comunicación con la comunidad educativa. 3. Inclusión del alumnado. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Novas modalidades de ensino. 2. Avaliación do progreso. 3. Creación de recursos educativos dixitais. 4. Colaboracións. 5. Formación sobre novas modalidades de aprendizaxe do uso da tecnoloxía dixital.

PERSONAL NON DOCENTE	PERSONAL NON DOCENTE	1. Recursos educativos en liña. 2. Inclusión del alumnado	1. Intercambio de experiencias. 2. Colaboración del alumnado.
	ALUMNADO	1. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe. 2. Comportamiento seguro. 3. Verificar la calidad de la información.	1. Comportamiento responsable. 2. Creación de contenidos digitales. 3. Habilidades digitales para diferentes materias. 4. Participación do alumnado na autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais. 5. Dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía.
	FAMILIAS		1. Traer el propio dispositivo. 2. Utilización no centro de equipos dixitais propiedade do alumnado.
	OFERTA		1. Novas modalidades de ensino. 2. Participación en proxectos interdisciplinares. 3. Creación de espazos para compartir recursos educativos dixitais.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Utilización de plataformas dixitais promovidas pola administración educativa.	1. Desenvolvemento da estratexia co profesorado. 2. Novas modalidades do ensino. 3. Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro. 4. Participación do profesorado en redes colaborativas profesionais. 5. Iniciativas para afrontar necesidades de formación profesional continúa do profesorado.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Oferta de actividades formativas e as condicións para a participación. 2. Estabilidade laboral do persoal non docente.	1. Achegas económicas que recibe o centro. 2. Estabilidade laboral do persoal docente. 3. Actuacións da administración educativa. 4. Dotación de equipamento tecnolóxico. 5. Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo.

LEXISLACIÓN		
CONTORNA		1. Participación das familias. 1. Condicións socioeconómicas da contorna. 2. Colaboración con institucións alleas ao centro educativo. 3. Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.
ANPA	1. Relación coa/a ANPA/s.	1. Participación das familias.
OUTRAS ENTIDADES		1. Existencia de proxectos externos.

3. Plan de Acción

A continuación expóñense os recursos materiais e humanos dos que consta o CEIP Joaquina Gallego Jorreto durante o curso 2021-2022 no que se está a diseñar o Plan de Acción do centro.

- **Recursos materiais:**

- Por aula:

- Un ordenador.
- Proxector.
- Pizarra dixital interactiva, a excepción dunha aula de E.I.
- Altofalantes.

- Aula de informática:

- Doce ordenadores doados por Indra para o alumnado.
- Ordenador do mestre/a.
- Impresora.
- Pizarra dixital interactiva.
- Proxector.
- Altofalante.

- E-dixgal

- 18 ordenadores Thinkpad.
 - Un armario cargador.
 - Cinco ordenadores para mestres/as.
- Para administración:
- Un ordenador en dirección.
 - Un ordenador en secretaría.
 - Un ordenador na biblioteca.
 - Un ordenador na sala de mestres/as.
- **Recursos humanos:**
- Equipo de Dinamización do Plan Dixital
 - Asesora Adix: Erroz Uribarri Landa

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O seguinte paso a realización do DAFO foi a seu propio análise. O equipo de dinamización do PD acordou deixar o DAFO na sala do profesorado para que puideramos analizalo de maneira individual. Deste análise queríamos extraer aquelas debilidades que a corto prazo o centro ía poder traballar para mellorar a competencia dixital de docentes e discentes no relativo aos obxectivos escollidos. O seguinte paso foi reunirmos para expor cada membro do equipo as súas opinións e así acordar os obxectivos a traballar o vindeiro curso.

Tras acordar os obxectivos deixamos un tempo para que cada membro do equipo buscara ideas e pensara posibles actividades para desenvolver os nosos obxectivos. E posteriormente fixemos o mesmo proceso e reunímonos para facer unha chuvia de ideas sobre as posibles tarefas e de seguido acordamos aquelas que se van desenvolver para o vindeiro curso.

Finalmente, reunímonos para comezar a redactar o presente Plan Dixital a partir da documentación realizada ao longo do curso e coas recomendación do noso grupos Adix de referencia.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Material para renovar:

- Aula de informática:
 - ✓ Ordenadores para o alumnado.
- Para administración:
 - ✓ Ordenadores para a sala de profesorado e biblioteca.

- Material novo:

- Aula móbil:
 - ✓ Equipos ultraportátiles.
- Para as aulas:
 - ✓ Pizarra dixital interactiva (PDI) para unha aula de infantil.

En canto a mellora das nosas infraestruturas tecnolóxicas, equipamentos e servizos dixitais educativos, serían conveniente para o desenvolvemento deste PD renovar os ordenadores do alumnado da aula de informática, xa que é un material moi antigo pois non se adquiriu de primeira mao no seu momento, se non que foi unha doazón de Indra ao noso colexio fai máis de cinco anos.

Por outro lado, sería de gran utilidade facerse cun aula móbil e que o profesorado puidera establecer quedas para o emprego destas tecnoloxías como apoio as súas clases. De este maneira o alumnado podería aprender a empregar estas tecnoloxías a través dunha iniciación pero tamén empregalas no día a día das súas clases.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Área H: Competencias dixitais do alumnado (H1, H3)							
1. OBXECTIVO (1):	Elaborar actividades, durante o primeiro trimestre, que preparen ao alumnado para o uso responsable e de respecto aos demais cando empregan a rede.					Acadado	
RESPONSABLE:	Titora e.i., titores primaria e coordinador/a tic.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	IN- Ningunha actividade implementada.	SU- Só se desenvolveu unhas das actividades planificadas.	BE- Unha das actividades non chega a desenvolverse.	NT- Todas as actividades son desenvoltas, aínda que con dificultades e poucos éxitos.	SB- Desenvólvense todas as actividades con éxito e bos resultados.		
Valor de partida (3)	0 actividades desenvoltas.						
Valor previsto e data (4)	Todas as actividades desenvoltas (NT)					xaneiro 2023.	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Visionado e reflexión a través dun conto infantil sobre a conciencia do uso das tic, por exemplo " El diario de Lola".	tutor/-a de educación infantil.	Primeiro trimestre.	Pizarras y proxectores das aulas de infantil.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Breakout educativo (escape room dixital con genially ou outras ferramentas web).	Titores de educación primaria	Primeiro trimestre	Aula de informática.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Charla Garda Civil sobre ciberseguridade.	Coordinador/a tic.	Segundo trimestre	Colaboración con Garda Civil.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: Área H: Competencias dixitais do alumnado

1. OBXECTIVO (1):	Impartir talleres de ofimática co alumnado unha vez á semana en horario lectivo					Acadado	
RESPONSABLE:	Mestre/a con horas asignadas para desenvolver os talleres.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	IN- Ningunha actividade implementada.	SU- Só se desenvolveu unhas das actividades planificadas.	BE- Unha das actividades non chega a desenvolverse.	NT- Todas as actividades son desenvoltas, aínda que con dificultades e poucos éxitos.	SB- Desenvólvense todas as actividades con éxito e bos resultados.		
Valor de partida (3)	0 actividades desenvoltas.						
Valor previsto e data (4)	Todas as actividades desenvoltas (NT)					Xuño 2023	

ACCÍONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Taller sobre ofimática básica unha hora á semana para os cursos de 1º e 2º.	Mestre de competencia dixital	Xuño	Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Taller sobre ofimática nivel 2 para o alumnado de terceiro e cuarto, unha hora a semana.	Mestre de competencia dixital	Xuño	Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Taller lúdico para o alumnado de educación infantil, unha hora a semana.	Mestre de competencia dixital	Xuño	Aula informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Área C: Protección de datos (C7).							
1. OBXECTIVO (1):	Determinar diferentes actividades para que docentes e discentes melloren a aplicación da lei de protección de datos.					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e Coordinador/a tic					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	IN- actividades sen realizar	SU- Non se levan a cabo todas as actividades ou estas resultan inadecuadas.	BE- As actividades son realizadas con dificultades e poucos éxitos.	NT- algunhas actividades resultan moi exitosas.	SB- As actividades realízanse con éxito e bos resultados.		
Valor de partida (3)	0 actividades desenvoltas.						
Valor previsto e data (4)	Todas as actividades desenvoltas (NT)					Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Xornadas de formación sobre a introdución a protección de datos.	Coordinador/a tic.	Según dispoñibilidade en fprofe (2º trimestre)	Sen determinar		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Actividade para o alumnado dos cursos superiores sobre o emprego de imaxes e música sen copyright.	Titores educación primaria	Según data das xornadas de formación dos docentes	Sen determinar		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3:					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: Área E: pedagogía: apoio e recursos (E1, E2, E4)							
1. OBXECTIVO (1):	Desenrolar recursos dixitais que reforcen a labor de ensinanza.					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador tic.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	IN- Menos do 40% de docentes que elaboran 1 recurso dixital por materia e trimestre.	SU- 40% de docentes que elaboran 1 recurso dixital por materia e trimestre.	BE- 50% de docentes que elaboran 1 recurso dixital por materia e trimestre.	NT- 60% de docentes que elaboran 1 recurso dixital por materia e trimestre.	SB- 60% de docentes que elaboran varios recursos dixitais por materia e trimestre		
Valor de partida (3)	0% de docentes que elaboran recursos dixitais						
Valor previsto e data (4)	60% de docentes que elaboran 1 recurso dixital por materia e trimestre				Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Crear un espazo dixital no que todo o profesorado comparta os materiais creados ou de interese.	Coordinador tic.	Setembro	Un espazo na nube.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Solicitar PFPP sobre recursos dixitais relativo a “actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes”.	Coordinador tic.	Setembro	Sen determinar		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Encontros do claustro para o intercambio de coñecementos sobre o uso de diferentes recursos dixitais.	Coordinador/a tic.	Xuño	Aula de informática.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do plan

A continuación preséntase unha táboa de valoración procesual do proceso de construír unha escola máis dixitalizada e actualizada. Esta avaliación realizarase ao finalizar o segundo e terceiro trimestre do curso.

					DATA:	
OBJECTIVO:						
	EXECUTADA		MODIFICACIÓNS DE ACCIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA	GRADO DE CONSECUCIÓN	
	SI	NON				
TAREFA 1						
TAREFA 2						
TAREFA 3						

A continuación expónse a táboa de valoración final, a cal se levará a cabo ao rematar o curso esco

					DATA:
OBJECTIVO:					
	PROPOSTAS DE MELLORA		GRADO DE CONSECUCIÓN		
TAREFA 1					
TAREFA 2					
TAREFA 3					

5. Difusión do plan

A difusión do plan dixital entre a comunidade, realizarase por diferentes medios, en función dos remitentes da información.

En primeiro lugar, informarase a través dun claustro a totalidade dos docentes, do resultado final da elaboración do Plan Dixital.

En segundo lugar, ás familias (Consello Escolar) para que coñezan a implantación de este plan e a posibilidade de consultalo a través da web do centro.

E por último, o alumnado será informado de maneira oral, explicándolles cales son obxectivos deste plan e como se van a traballar para o vindeiro curso.